

## **ESTUDO ECONÓMICO PARA A DETERMINACIÓN DE PREZO**

### **1. OBXECTO**

O obxecto deste estudo económico é a determinación do presuposto máximo de licitación que se establecerá no prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de organización da celebración da denominada “Festa dos maiores” relativa ó ano 2018.

O obxecto do contrato é a organización, incluíndo a montaxe e instalación de 1.700 cadeiras e as súas correspondentes mesas, e prestación do servizo de xantar na celebración da “Festa dos Maiores” que terá lugar o 12 de maio de 2018 e que se desenvolverá no recinto feiral de Amio en Santiago de Compostela.

O servizo inclúe a subministración e montaxe de cadeiras e mesas para a totalidade de asistentes, manteis e panos de mesa, menaxe, vasos e pratos, a subministración de persoal para preparar o xantar e servir as mesas e a instalación dunha cociña para preparar e quentar os pratos in situ.

O menú consistirá, para un máximo de .1700 asistentes en:

- Empanada de bonito, empanada de bacallau, polbo á feira, carne ó caldeiro con patacas
- Sobremesas: tarta de Santiago e larpeira
- Servizo de pan e café
- Bebidas: viños tinto e branco, cervexas, refrescos, auga e gaseosa

O control de asistencia efectuarase a través da venda de entradas, tarefa que correrá a cargo do Concello de Santiago.

### **2. DESTINO E DATA**

Este informe foi encargado pola Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela en data marzo de 2018.

### **3. MARCO NORMATIVO**

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro

de 2014, quedando sometida a dita lei, así como ó Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

Na devandita Lei de Contratos do Sector Público establécese que os órganos de contratación poderán realizar estudos de mercado e dirixir consultas ós operadores económicos que estiveran activos no mesmo coa finalidade de preparar correctamente a licitación e informar ós citados operadores económicos acerca dos seus planes e dos requisitos que esixirán para concorrer ó procedemento. Para o que os órganos de contratación poderán valerse do asesoramento de terceiras persoas, que poderán ser expertos ou autoridades independentes, colexios profesionais, ou, con carácter excepcional operadores económicos activos no mercado.

## **4. CUANTIFICACIÓN**

### **4.1. BASES PARA A CUANTIFICACIÓN**

Para a determinación do prezo estimado do contrato estarase ó disposto nos artigos 101 e 102 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nos que se establece que se terá en conta, como mínimo, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos que se deriven da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial.

En xeral, o importe da prestación dun servizo ou realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida, tomando como tal o valor razoable de mercado, de tal xeito que os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe.

As fontes de información utilizadas foron:

- Recadación obtida nos últimos exercicios pechados polo prezo establecido para a contratación
- Informacións facilitada polos servizos técnicos do Concello de Santiago
- Orzamentos de axentes económicos

#### 4.2. CUANTIFICACIÓN DO PREZO

Nos anos precedentes, os prezos base unitarios de licitación foron os seguintes:

EXERCICIO	IMPORTE BASE UNITARIO
2013	18,18
2014	18,18
2015	19,00
2016	19,00
2017	19,00

Nos exercicios 2013 e 2014 mantívose o prezo en 18,18 euros por comensal.

No exercicio 2015 e posteriores ata 2017, o prezo foi de 19,00 euros por comensal.

Para a determinación do prezo a establecer no exercicio 2018 procederase a actualización do mesmo mediante a aplicación dun índice corrector baseado no indicador IPC (con base 2016) publicado polo Instituto Nacional de Estadística, INE:

- Os prezos incrementáronse nun 3,6% no período xaneiro 2015-decembro 2017 segundo o IPC xeral para o conxunto do territorio español
- Os prezos incrementáronse nun 3,8% no período xaneiro 2015-decembro 2017 segundo o IPC relativo ó sector "ALIMENTOS" no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.
- Os prezos incrementáronse nun 4,3% no período xaneiro 2015-decembro 2017 segundo o IPC relativo ó sector "Restauración" no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Deste xeito, o prezo de 19,00€ aprobado para 2015 debe de ser actualizado cun incremento dun 4,3% para, deste xeito, reflectir no mesmo o incremento dos prezos do sector da hostalaría en Galicia, de onde obtemos que:

**O prezo actualizado é de 19,82 euros.**

Por outra parte ha de terse en consideración que un dos pratos principais do menú proposto é o polbo, materia prima que ven de experimentar unha suba excepcionalmente elevada dende 2015 debido á constante diminución de capturas dese produto. Os datos oficiais publicados pola Xunta de Galicia no portal Pesca de Galicia reflecten subidas do prezo anuais por riba do 35% tan só no exercicio 2017. Esta suba pónse tamén de manifesto nos presupostos solicitados

a empresas proveedoras do sector (Cassua S.L.) nos que se constata una suba preto do 40% no periodo maio 2017-xaneiro 2018.

Para ter en conta este factor no prezo final do menú, consideraremos que segundo estándares do sector hostelero a materia prima ven de representar o 33% do prezo final total. Se o prezo de partida actualizado é de 19,82 euros o 33%, é dicir 6,61 euros, representarían o custo da materia prima total. Ante a dificultade de determinar a parte correspondente ó polbo dentro deste custo de materia prima total, procedemos a aplicar un índice corrector dun 3,8% baseado no incremento de prezos de alimentación no periodo xaneiro 2015-decembro 2017. Por tanto o prezo final incrementarase nun 3,8% de 6,60€, esto é 0,2508 euros . Deste xeito obtemos que:

**O prezo actualizado corrixido para o exercicio 2018 é de 20,07 euros.**

Na seguinte táboa resúmese o cálculo do prezo total:

(1)	Prezo base relativo ó exercicio 2015	19,00€
(2)	Factor corrección 1: Incremento IPC sector restauración Galicia 4,3%	0,82€
(3)= (1)+(2)	Prezo actualizado	19,82€
(4)	Factor corrección 2: Incremento custo materia prima (polbo)	0,25€
(5)=(3)+(4)	<b>Prezo exercicio 2018</b>	<b>20,07€</b>

#### 4.3. PRESUPUESTO MÁXIMO DA LICITACIÓN

<b>UNITARIO</b>	O prezo máximo para cada xantar ascende a <b>20,07 euros</b> mais ive	O IVE máximo para cada xantar ascende a <b>2,007€</b>
<b>TOTAL 1700 ASISTENTES</b>	O <b>presuposto máximo da licitación</b> ascende a <b>34.119€</b> mais ive	O IVE máximo ascende a <b>3.411,90€</b> que representa un 10% de acordo co establecido na Lei 37/1992 de 28 de decembro do Imposto sobre o valor engadido

#### 4.4. CUANTIFICACIÓN DO PREZO A PAGAR POLAS PERSOAS ASISTENTES

A asistencia á celebración Festa dos Maires implica o pagamento por parte das persoas asistentes dun importe que nos exercicios anteriores viña a representar un 33% do prezo final total.

A cantidade de 34.119 euros máis ive que se destina a este gasto con cargo á aplicación orzamentaria 010 91201 22601 de protocolo, atencións protocolarias e representativas cubre a totalidade do custo, considerando que o criterio para a adxudicación do contrato será o económico, contratándose a oferta máis baixa. Cuberto o gasto coa oportuna reserva de crédito, o texto refundido Lei de Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) no seu artigo 44 permite a redución de prezo sempre que existan razóns sociais, benéficas ou de interese público que así o aconsellen. Este xantar é una celebración con motivo das festas da Ascensión destinada a persoas con poder adquisitivo reducido pola súa condición, na súa maioría, de pensionistas, polo que procede una redución do prezo conforme ó establecido anteriormente por razóns de interese público.

O prezo proposto para o exercicio 2018 é de sete con cincuenta euros (7,50€) que representa un 33,9% do prezo total da axudicación.

Santiago de Compostela a 9 de marzo de 2018

Pablo Rodríguez Rodríguez Economista Colexiado C2767

RODRIGUEZ  
RODRIGUEZ PABLO -  
33313468S

Firmado digitalmente por RODRIGUEZ RODRIGUEZ  
PABLO - 33313468S  
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,  
serialNumber=33313468S, sn=RODRIGUEZ  
RODRIGUEZ, givenName=PABLO, cn=RODRIGUEZ  
RODRIGUEZ PABLO - 33313468S  
Fecha: 2018.03.12 11:25:53 +01'00'

ECOBURÓ DE XESTIÓN S.L.  
XENERAL PARDIÑAS 36 1ª | 15701 SANTIAGO | B15926462  
T 981954830 | info@ecoburodexestion.es



